

CIRCULAR 232

INFORMATIVA

SETEMBRO / OUTUBRO 2011

25 DE NOVIEMBRE: DÍA CONTRA
A VIOLENCIA DE GÉNERO

REGULACIÓN DE
PSICOLOGÍA SANITARIA

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable da Biblioteca



Miguel A. Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop



Ana Mª Fieira Nogareda

Vogal / Vogalía do Social



Antonio González Fernández

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Vogalía de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Vogalía de Formación

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 233 de novembro/décembro de 2011,
e sairá a principios do mes de xaneiro de 2012.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de
décembro de 2011, polo que os Cursos, Xornadas e Congresos
terán que empezar a partir de febreiro de 2012 inclusive.

4	Información Xeral
12	Información das Seccións
21	Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
24	Grupo de Tráfico e Seguridade
26	Comisión de Ética e Deontoloxía
27	Cursos, xornadas e congresos



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG):

Quere sumarse a todas as institucións, organizacións profesionais e colectivos que todos os días traballan co obxectivo de superar as diferentes formas de violencia que sofren as mulleres.

O COPG e os e as profesionais da Psicoloxía, desde os seus diversos ámbitos de intervención participamos da preocupación ante o incremento de actos de violencia contra as mulleres e colaboramos con diferentes institucións e organizacións na súa prevención e tratamento.

Consideramos que a violencia psicolóxica e física que sofren as mulleres son a expresión máis extrema das desigualdades e discriminacións que vulneran os dereitos humanos das mulleres. Acabar con este tipo de violencia debe ser unha tarefa prioritaria e o único camiño dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Por iso, O COPG condena calquera expresión de violencia sexista e manifesta publicamente o seu compromiso para contribuír desde a práctica profesional a superar todas as formas de discriminación e violencia contra as mulleres.



A Xunta de Goberno do COPG.

Relacións institucionais

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e o Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra, asistiron o 6 de setembro a unha reunión coa Directora Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, Esperanza Fernández Lago, na que trataron os seguintes temas:

- ❑ A situación actual da autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios a raíz da entrada en vigor da Lei 5/2011 de Economía Social.
 - ❑ A necesidade de que o COPG sexa incluído na Comisión Autonómica de Formación Continuada dos profesionais sanitarios da Xunta de Galicia.
 - ❑ A discriminación da Saúde Mental no Sistema de Saúde Público.
-

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto coa Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do GIPCE do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, e coa Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiron o 6 de setembro a unha reunión coa Conselleira do Mar da Xunta de Galicia, Rosa M^a Quintana Carballo. Nesta reunión trataron sobre a situación actual das avaliacións psicolóxicas no mergullo profesional, a intervención psicolóxica nas catástrofes marítimas e a participación de psicólogos e psicólogas na formación dos traballadores e traballadoras do mar.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Decana da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, Carolina Tinajero Vacas, reuníronse o 4 de outubro na sede do COPG para tratar temas relativos a ambas institucións.

A Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, mantivo unha reunión o 5 de outubro co Concelleiro de Mobilidade, Seguridade Cidadá, Tráfico, Grúa e ORA do Concello de

INFORMACIÓN
XERAL



Mª Rosa Álvarez Prada



Ana Isabel Martínez Arranz



Eva Muíño Gómez

Santiago de Compostela, Albino Vázquez Aldrey, co fin de presentarlle as II Xornadas Galegas de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e a Vogal da Xunta de Goberno e Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, reuníronse o 11 de outubro coa Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Xunta de Galicia, Susana Rodríguez Carballo, para tratar sobre as avaliacións psicolóxicas no mergullo profesional e a participación de psicólogos e psicólogas na formación dos traballadores e traballadoras do mar.

En representación do Colexio

A Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, participou nunha reunión do Comité Organizador Galego do Foro Social Mundial celebrada o 14 de setembro en Compostela.



Concepción Rodríguez Pérez

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 14 de setembro ao acto organizado en Santiago de Compostela polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia no que se presentou o seu Grupo de Traballo en Igualdade.



Joaquín Prieto Flores

O Coordinador do Programa de Abramos o Círculo do COPG, Joaquín Prieto Flores, participou nas Xornadas formativas sobre Prevención e Tratamento Integral sobre Violencia de Xénero celebradas o 7 de outubro e organizadas polo do Concello do Porriño (Pontevedra) nas que se presentou o traballo desenvolvido polo Programa.

O COPG e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos

O Presidente da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, José Luis Domínguez Rey, asistiu á reunión da constitución da Xunta Directiva da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e os Recursos Humanos, que se celebrou en Madrid o 1 de outubro.

O Vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, Carlos Montes Piñeiro, asistiu á reunión da Coordinadora da Área de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e os Recursos Humanos, que tivo lugar o 10 de outubro en Barcelona.

A Presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Jesús López Cernadas, asistiu á reunión da Coordinadora da Área de Psicoloxía da Intervención Social, que se celebrou en Madrid o 15 de outubro. A esta reunión acudiu a Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, en calidade de convidada da Área.



José Luis Domínguez Rey



M^a Jesús López Cernadas

AVISO

Desde o pasado 1 de xullo de 2011 unicamente se envían as comunicacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia por correo electrónico.

Se aínda non facilitaches un enderezo de correo electrónico para recibir a correspondencia do COPG por e-mail, pregámosche que a fin de enviarche dita información nos facilites o teu correo electrónico á maior brevidade posible, senón NON poderás recibir información do Colexio.

Máis información no apartado de novas da páxina web do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia: www.copgalicia.es/pdf/Envio_de_correspondencia_por_e_mail.pdf

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

Os/As interesados/as a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

Regulación da psicoloxía no ámbito sanitario

No Boletín Oficial do Estado do 5 de outubro sae publicada a Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública, en cuxa disposición adicional sétima se recolle a regulación da Psicoloxía no ámbito sanitario.

Esta Lei reconece legalmente ao/á Psicólogo/a Xeral Sanitario a condición de Profesional Sanitario e establece as súas competencias profesionais específicas na área da saúde. Regula, asemade as vías de acceso ao exercicio da profesión, mediante a creación do Título oficial de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria, cuxas directrices se axustarán ás condicións xerais que estableza o Goberno no prazo de seis meses, e ao que se accederá unha vez adquirido o título de Grado en Psicoloxía.

Está contemplado que as universidades que impartan o Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria regularán o procedemento para recoñecer aos titulados e tituladas en Psicoloxía que concluíran os seus estudos con anterioridade á entrada en vigor desta lei, os créditos europeos do citado Máster, tras avaliar a equivalencia acreditada a través da experiencia profesional e formación adquiridos en Psicoloxía da Saúde.

Para os psicólogos e psicólogas en exercicio, prorrogase durante tres anos o recollido na disposición adicional sexta da Lei de Economía Social (marzo de 2011), que posibilita que os psicólogos e psicólogas poidan exercer actividades sanitarias se acreditan certos requisitos (ser Licenciados/as en Psicoloxía cun itinerario curricular vinculado coa área de Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos, ou coa de Psicoloxía Clínica e da Saúde, ou ben ter formación posgrao no mesmo eido non inferior a 400 horas e a lo menos 100 delas prácticas).

Queda pendente que o Goberno regule:

- ▣ Que nestes tres anos se estableza un sistema de recoñecemento da actividade profesional dos psicólogos e psicólogas que tiveran acadado a súa titulación con anterioridade á entrada en vigor da Lei Xeral de Saúde Pública.

❑ Que se modifique o anexo 1 do Real Decreto 183/2008, de 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde, para que o título que dea acceso ao PIR sexa o Máster.

Nova Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG

Con data 6 de outubro de 2011, a Comisión Electoral procedeu á proclamación definitiva da nova Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia coa composición que de seguido se detalla:

M. JESÚS LÓPEZ CERNADAS, Presidenta.
DAVID FACAL MAYO, Vicepresidente.
Mª JOSÉ FARES VARELA, Secretaria.
Mª LEONOR GALIANA CABALLERO, Tesoureira.
ISABEL GONZÁLEZ-ABRALDES IGLESIAS, Vogal.
ELENA BASTOS EXPÓSITO, Vogal.
ISABEL Mª VARELA CASTIÑEIRAS, Vogal.
CRISTINA FONTAÍÑA GARCÍA, Vogal.
Mª ELENA SEOANE DE LA FUENTE, Vogal.

Sinatura dos Convenios de Mediación Intraxudicial

Asináronse os convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o COPG e os Colexios de Avogados de Santiago de Compostela e Ourense para o desenvolvemento dos Programas de Mediación Intraxudicial en Santiago de Compostela e en Ourense.

AVISOS

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Títulos de Licenciatura en Psicología

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro. Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

Comparecencia do COPG no Parlamento de Galicia perante a Comisión non permanente de estudo para a elaboración dun plan de dinamización demográfica de Galicia

A Decana, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto coa Secretaria do COPG, Concepción Fernández Fernández, compareceron o 3 de outubro no Parlamento de Galicia perante a Comisión non permanente de estudo para a elaboración dun plan de dinamización demográfica de Galicia, constituída co obxecto de pór en marcha un instrumento institucional na Cámara Galega que sirva de foro de estudo e debate e ofrezca propostas de solución para paliar o descenso demográfico de Galicia.

Recurso de reposición contra a convocatoria dunha praza de orientador/a laboral no Concello de Burela (Lugo)

O COPG interpuxo recurso de reposición contra o Decreto da Alcaldía do Concello de Burela (Lugo), mediante o que se convocaba un posto de traballo de Orientador/a Laboral ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2010 da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia. O motivo do citado recurso é instar ao Concello a modificar as bases que regulan a citada convocatoria para que a Titulación Superior en Psicoloxía sexa esixida como primeira e preferente titulación requirida.

Medios de Comunicación

Desde o COPG difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, as seguintes notas de prensa:

- Comunicado “O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia pide á Consellería de Traballo e Benestar que se manteñan as dúas prazas de psicólogo/a no Centro de Asistencia e Educación Especial Santiago Apóstol da Coruña”. 27 de xuño.
- Comunicado pola celebración do “Curso Formación en Neuropsicoloxía: Demencias”. 9 de setembro.
- Comunicado pola celebración do “Seminario Galego de Intervención Social”. 30 de setembro.
- Comunicado pola celebración do “Curso Organización de Equipos e Intervención en Catástrofes Internacionais”. 7 de outubro.

Foi requirida a participación do COPG nos seguintes medios de comunicación:

- La Opinión, o 23 de agosto, sobre como actuar en situacións de emerxencia ou catástrofes. Ana Isabel Martínez Arranz, Vogal da Xunta de Goberno do COPG e Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias.
- Cadena Ser – Vilagarcía, o 25 de agosto, sobre o Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero do COPG. Rocío Trastoy García, Coordinadora do Programa.
- Faro de Vigo, o 2 de setembro, no que se tratou sobre o acoso cibernético. Manuel Castro Bouzas, Tesoureiro da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG.
- Radio Galega, o 4 de setembro, sobre a volta á escola tras as vacacións de verán. Olegaria Mosqueda Bueno, Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG.
- Televisión de Galicia, o 7 de setembro, sobre como abordar o fracaso escolar. Olegaria Mosqueda Bueno, Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG.

- ▣ Tele 5 e Cuatro, o 15 de setembro, sobre os nenos e nenas que están internos nos colexios. Olegaria Mosqueda Bueno, Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG.
- ▣ La Voz de Galicia, o 17 de outubro, sobre as novatadas dos estudantes. Olegaria Mosqueda Bueno, Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG.
- ▣ Cadena Ser – Vilagarcía, o 19 de outubro, sobre o Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero do COPG. Concepción Rodríguez Pérez, psicóloga habilitada do Programa e Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG.



XURÍDICA

D. Pedro Trepas Silva

Tfno.: 981 597 611

[Xoves de 16.30 a 20 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do fax: 981 595 240 ou da páxina

web: www.trepasavogados.com
apartado de consultas on-line

FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]



SECCIÓN DE PSICOLOGÍA CLÍNICA

Curso “Formación en neuropsicología: Demencias”

O pasado 4 e 5 de outubro tivo lugar no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) o curso “Formación en neuropsicología: Demencias”, impartido por **María Mataró i Serrat**, Doutora en Psicología e Profesora do Departamento de Psiquiatría e Psicobiología Clínica da Universitat de Barcelona, e coordinado por **Carlos Álvarez García**, Vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicología Clínica do COPG e Psicólogo Clínico do CHUS.

INFORMACIÓN DAS SECCIONS

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión ou Grupo de Traballo* do COPG antes do 15 de cada mes par.



Momento do curso




María Mataró i Serrat

Contouse cun total de 62 asistentes os cales valoraron moi positivamente o desenvolvemento do curso, no cal se actualizaron os coñecementos sobre os diferentes tipos de demencia e fíxose especial énfase na identificación dos seus trazos máis característicos a través do proceso de avaliación neuropsicolóxica.

Formación

A sección está traballando na programación da docencia para o vindeiro ano, que estará centrada na práctica da psicología

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión de psicólogo/a, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos/as.



clínica infanto-xuvenil, abordando diferentes ámbitos como a psicoterapia con adolescentes, o maltrato infantil ou a neuropsicología infantil.

Adiantámosvos que no mes de xaneiro realizaremos o Curso "Marco de intervención con nenos/as e as súas familias". Será coordinado por **Xavier Sardiña Agra**, Presidente da Sección de Psicología Clínica do COPG e impartido por **José Luis Rodríguez Arias-Palomo**, Psicólogo Clínico da Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e por **Mariano Carrero Moure**, Psicólogo Clínico do Hospital de Burela.

Xornadas da Sección

Os vindeiros 18 e 19 de novembro celebraranse no Auditorio Municipal do Concello de Cangas (Pontevedra) as XVI Xornadas de Psicología Clínica do Colexio Oficial de Psicología de Galicia baixo o título "A práctica clínica". Os comités están formados por **Dolores González Cabaleiro** e **Estrella Gómez González**, Presidenta e Vogal respectivamente do Comité Organizador, e por **Maximino Portela Freire** e **Irene Esperón Rodríguez**, Presidente e Vogal do Comité Científico.

Os interesados e interesadas poden consultar o programa das Xornadas na páxina web do Colexio no seguinte enlace:
www.copgalicia.es/pdf/XVI_Xornadas_de_Psicologia_Clinica_do_COPG_A_practica_clinica.pdf

Grupo de Traballo en Psicoterapias

Rematada a primeira etapa do 2005-2009, o Grupo de Investigación sobre Procesos e Resultados en Psicoterapia segue investigando nas variables claves no proceso psicoterapéutico e pretenden extender o maior número posible de profesionais do campo clínico o uso sistemático do protocolo de avaliación da práctica diaria como un procedemento de control da calidade das nosas intervencións. Os interesados e interesadas en participar nesta nova etapa poden poñerse en contacto coa súa coordinadora, **Mª Soledad Filgueira Bouza**, a través do seu enderezo de correo electrónico: MA.Soledad.Filgueira.Bouza@sergas.es.

Revista oficial da Sección

Comunicámosvos que nos próximos números do Anuario de Psicoloxía haberá un apartado de casos clínicos. Os interesados e interesadas poden facernos chegar o texto para a súa publicación en formato word a través do e-mail do Colexio, indicando que vai dirixido ao Anuario da Sección de Psicoloxía Clínica.

Os Anuarios publicados ata o momento pódense consultar no apartado de publicacións da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG no enlace www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=40.

Regulación da Psicoloxía no ámbito sanitario

No Boletín Oficial do Estado do pasado mércores 5 de outubro, saíu publicada a Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública, en cuxa disposición adicional sétima se recolle a regulación da psicoloxía no ámbito sanitario. As persoas interesadas poden consultar o seu contido no enlace: www.boe.es/dias/2011/10/05/pdfs/BOE-A-2011-15623.pdf.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

O pasado 1 de outubro celebrouse na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a **Asemblea anual de Socios/as da Sección de Intervención Social do COPG** e o **Seminario Galego de Intervención Social**, o cal supuxo un excepcional encontro entre profesionais dos diferentes eidos de traballo.

No Seminario contamos coa presenza de **Pilar Martínez de Benavides**, Coordinadora e Psicóloga na Fundación Lesmes en Burgos, a cal presentou un modelo de inclusión no traballo da poboación sen fogar; **Unai Díaz Orueta**, Psicólogo e Investigador da Fundación Instituto Xerontolóxico Matia-INGEMA, o cal versou a súa ponencia sobre o envellecemento activo e a prevención da dependencia; e por último, con **Javier Martín**

AVISO

Registro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio, deberedes aportar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.



Asistentes ao Seminario

Hernández, Psicólogo e Técnico do Servizo de Familia e Menores de Vigo, o cal profundizou na intervención con familias e menores en risco.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

A División PTORH

O pasado 1 de outubro tivo lugar en Madrid a constitución da Xunta Directiva da recentemente creada División de Psicoloxía do Traballo, Organizacións e Recursos Humanos do Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos.

Esta primeira reunión serviu para marcar diferentes liñas de traballo para o vindeiro bienio:

- ▣ Poñer en valor o ámbito profesional, non só para promocionar a figura do/a psicólogo/a PTORH senón

para planificar accións ante problemáticas actuais: abordar e dar resposta ao intrusismo, así como a utilización e difusión das probas psicométricas. Na mesma liña, propoñeráse a creación de grupos de traballo para proxectos de interese profesional. Por outra parte, é prioritario velar polas boas prácticas profesionais tendo como referencia o noso Código Deontolóxico.

- Estudar o marco procedimental para iniciar o proceso de acreditación de competencias profesionais.

- Crear e desenvolver unha plataforma interactiva de comunicación (PIC) para fomentar a participación dos membros da División e como instrumento de comunicación coas distintas seccións dos distintos colexios territoriais.

A Xunta Directiva da División días despois, con motivo do Congreso Internacional de Coaching que tivo lugar en Barcelona, celebrou unha reunión cos representantes de área de todos os colexios territoriais para presentar as súas liñas estratéxicas de actuación e intercambiar opinións sobre a situación e plantexamentos actuais da Acreditación de Competencias PTORH en Europa (EFPA e EUROPSEY) ponencia que José María Peiró (Universidade de Valencia) asesor da División presentou aos/as asistentes en calidade de asesor da División.



Momento da reunión

Afiliación na División PTORH

A afiliación como membro ordinario da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos segue aberta sen data límite. Invítase aos colexiados e colexiadas do COPG a inscribirse na mesma. Podes tramitar a túa inscrición no enlace www.cop.es/ptorh/.

Sesión de traballo

O 22 de outubro celebrouse na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia unha sesión de traballo da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións para tratar temas relacionados cos riscos psicosociais no ámbito laboral. A sesión foi coordinada por **Carlos Montes Piñeiro**, membro da Sección de PTO, o cal presentou a ponencia sobre “Riscos psicosociais como os males do século XXI”. Os/As asistentes debateron propostas nunha mesa redonda sobre liñas de actuación desde a psicoloxía.

O obxectivo da sesión foi fixar as bases para a creación dun grupo de traballo de cara a estudar a temática da saúde ocupacional, fomentar liñas de formación e facilitar canles de colaboración con outras institucións. O grupo integrarase na dinámica da Sección e a súa composición, estrutura de funcionamento e plan de traballo será presentado para a súa aprobación na reunión da Sección que terá lugar o vindeiro 23 de novembro.



Momento da sesión



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Formación interna da Sección

O 2 de setembro tivo lugar un novo curso de formación interna para os membros da Sección titulado **“Intervención con vítimas de violencia de xénero”**, impartido por **Juan Carlos Prados Moreno**, Psicólogo do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero do COPG, e coordinado por **Carmen Morell Muñoz**, Presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio.

Ao longo do curso plantexouse unha visión xeral sobre a intervención con mulleres e nenos/as vítimas de violencia de xénero.

Seguindo con formación interna da Sección, o 16 de setembro celebrouse o **Curso “Dificultades e retos nos informes periciais en procesos de familia: Análise práctico e debate sobre o momento actual”**, o cal tratou de facer un repaso a situación actual en procesos de familia. Este curso, ademais de ir dirixido aos/as Socios/as da Sección, tamén estaba dirixido aos membros do listado de peritos do Colexio.

A Profesora de Dereito Procesal na Universidade de Santiago de Compostela, **M^a Ángeles Catalina Benavente**, realizou unha presentación sobre o papel dos peritos e peritas dentro do sistema xudicial, e o papel que deben ter os informes de parte e xudiciais no procedemento. Continuamos con **Pilar Fernández Pérez**, Fiscal de Familia en Santiago de Compostela, quen nos comentou cómo se fai a exploración dos menores por parte dos axentes xudiciais e o asunto controvertido da idade e do grao de madurez que deben ter os fillos. Tamén tratou o seu punto de vista sobre os erros que están a ter os informes dos peritos e peritas a nivel de procesos de familia, a súa intervención, considerada controvertida por algúns dos asistentes, fíxonos plantexarnos a idea de organizar mesas de traballo con ela e outros participantes nos procedementos xudiciais para tratar o asunto un pouco máis en profundidade e tratar de explicar o punto de vista dos psicólogos e psicólogas á hora de facer informes, e o



Momento do Curso

porqué de empregar unhas ou outras probas e a súa validez e papel na elaboración dos informes. Seguidamente, **Juan Antonio Martín Bobillo**, Psicólogo Xurídico do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), disertou sobre os cambios que os procedementos xudiciais en temas de familia tiveron nos últimos 15 anos, así como o tema da custodia compartida, as formas de regularse e a valoración que debemos facer das partes implicadas para a súa recomendación. Finalmente, **José Luis Rodríguez-Arias Palomo**, Presidente da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG, falou sobre os erros máis frecuentes que están a ter os informes dos peritos e peritas e polos que son sancionados desde a Comisión que representa. A súa ponencia suxeríunos a necesidade de compartir tamén cos compañeiros e compañeiras da Comisión de Ética e Deontoloxía mesas de traballo nas que debater aspectos concretos sobre o traballo dos peritos e peritas e os aspectos máis conflitivos dos mesmos.

Formación

O 25 de novembro e o 16 de decembro tense previsto celebrar dous novos cursos de formación interna da Sección, os cales serán impartidos por **José Antonio Varela Alonso** e **María Isabel Rodríguez Prego**, ambos Vogais da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio. A temática de ambos será a [mediación xudicial](#), en temas de dereito penal e en asuntos de familia.

Xornadas da Sección

A Sección de Psicoloxía Xurídica tivo que aprazar as Xornadas que tiña previstas celebrar o pasado mes de outubro para o 3 de decembro. Este ano levarán por título “Predicción do risco de violencia en diferentes ámbitos” e terán lugar na sede do COPG. Serán impartidas por **Xosé Antón Gómez Fraguela**, Profesor e Investigador de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago, **Miguel Clemente Díaz**, Catedrático de Psicoloxía Social da Universidade da Coruña, **Ana Suárez Martínez**, Psicóloga do Servizo de Xestión de Penas e Medidas Alternativas do Centro de Inserción Social da Coruña e **Beatriz Dorrío Lourido**, Directora do Departamento de Psicoloxía Xurídica da Empresa Standent S. Coop. G.

Listado de Peritos/as

Estase a traballar na actualización do Regulamento da quenda de oficio desde a Xunta Directiva da Sección, e os resultados das achegas que se fagan presentaranse na vindeira Asemblea de Socios/as da Sección, para que entre os asistentes se aproben ou non as modificacións propostas. Desde aquí se fai unha proposta aos peritos e peritas que asistiron a formación do día 16 de setembro, para que nos fagan chegar as súas propostas de modificacións do Regulamento ou suxestións do tipo que sexa respecto ao listado, para poder telas en conta na vindeira reunión da Xunta Directiva da Sección.

Acreditación en Psicoloxía Forense

Informarvos tamén que a Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Xurídica segue a traballar no tema da acreditación en psicoloxía forense, e que as propostas e a modo de facelas serán presentados na Asemblea de Socios/as prevista para finais de xaneiro de 2012. A previsión que temos é, no caso de ser aprobado o procedemento polos Socios e Socias da Sección, poñer en práctica a acreditación a partires do mes de marzo ou abril de 2012.

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Curso “Organización de equipos e intervención en catástrofes internacionais”

Co obxectivo de facer unha aproximación ao coñecemento práctico das intervencións en grandes catástrofes a nivel internacional, facer unha inmersión na intervención psicolóxica en contextos multiculturais e mostrar as características reais da formación en equipos, participación nos clústeres de saúde, relacións coas autoridades locais, e interrelacións con outros equipos de intervención,

o pasado 8 de outubro tivo lugar no Salón de Actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia este curso dirixido só aos membros do GIPCE. Foi impartido por **Elena González Cañal** e **Aurora Rozadilla Arias**, sendo esta última tamén coordinadora do curso.

Elena González Cañal é Médica dos Servizos de Emerxencias do 061 de Mallorca e membro fundador da Sociedad Española de Medicina de Catástrofes (SEMECA). Participou coa AEDID no tsunami de Indonesia e con SEMECA no terremoto de Haití. Pola súa parte, **Aurora Rozadilla**



Aurora Rozadilla Arias
e Elena González Cañal

Arias, é Enfermeira, Psicóloga Clínica e membro da Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG. Interveu con AEDID no terremoto de Perú e con SEMECA en Haití.

Formación

□ Vaise celebrar na sede da Axencia Galega de Seguridade Pública (AGASP) os días 23 e 24 de novembro o Curso “**Intervención psicolóxica en catástrofes e emerxencias na AGASP**”. Este curso está organizado pola AGASP en colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e conta coa financiación do Fondo Social Europeo, polo que terá carácter gratuíto. Será impartido por **Elena Puertas López**, Psicóloga e Técnico Superior en Investigación Psicosocial da Dirección General de Protección Civil e **Isabel Vera Navascués**, Psicóloga e Técnico Superior de Formación en Xestión de Emerxencias da Dirección General de

Protección Civil. Estará dirixido a psicólogos/as e estudantes de 5º de psicoloxía. A inscrición será telemática, a través da páxina da AGASP, dentro dos 15 días seguintes a publicación da resolución no DOG. Mandarase a información correspondente en canto sexa publicado no DOG.

■ Por outra parte, os días 16 e 17 de decembro levarase a cabo o **Curso “Intervención en suicidio”**. Será impartido por **Carmen Tejedor Azpeitia**, Psiquiatra en Barcelona e dous membros máis do seu equipo. Vai dirixido só aos membros do GIPCE.

■ O 21 de xaneiro de 2012 tense previsto celebrar o **Seminario práctico “A coordinación de emerxencias”**. Vai dirixido só aos compoñentes do Grupo de Gardas do GIPCE.

Novo Protocolo de Activación GIPCE-112 de Galicia

O pasado 6 de xullo tivo lugar unha reunión con Protección Civil e o 112 a cal asistiron como representantes do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, a súa Coordinadora, **Ana Isabel Martínez Arranz**, e os membros da Coordinadora do GIPCE, **Elena González Cid** e **Fátima López Rodríguez**.

A reunión foi a petición do GIPCE co obxectivo de revisar o actual modelo de activación no Grupo nas emerxencias e intentar melloralo. A proposta que o GIPCE levaba como alternativa activación era a entrada no protocolo do 112 para as situacións que se acordaran. A proposta foi aceptada e acordouse que o GIPCE entraría en alerta polo 112 para os seguintes casos: Cando se producen dúas ou máis mortes, cando hai un morto e mais de tres feridos, cando hai cinco ou mais feridos e cando o/os morto/s sexan menores de 18 anos.

Nesta situacións o/a operador/a do 112 notificará a persoa de garda do GIPCE. En función das informacións dispoñibles e da que se chegue a acadar sobre a situación de emerxencia decídase se é unha situación na que o GIPCE podería intervir, neste caso poríase en coñecemento das persoas afectadas a dispoñibilidade da atención psicolóxica, ou non. Neste caso a alerta daríase por pechada.

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuíto reservado para que os/as Colexiados/as poidan inserir anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venta, ou para compartir despachos profesionais.

- Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.
- O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.
- Para calquera información consultar coa Administración do COPG.


Exemplo: “Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000”.

Alertas e intervencións

Nos meses de xullo, agosto e setembro tivemos un total de 11 alertas sen intervención, catro situacións nas que 9 GIPCES interviñeron directamente e 2 máis na que se fixo unha labor de asesoramento.

Elaboración de documentos

❑ *Guía de Autoaxuda para Persoas Afectadas por Situacións Críticas*



O Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias xa ten editada e lista esta guía para a súa distribución entre os propios membros do GIPCE, como material a entregar aos afectados e afectadas nas situacións nas que se interveñan. Tamén se enviará a outros organismos, institucións e profesionais que podan facer uso dela. Con este

obxectivo colgarase na páxina web do Colexio para que quen queira poida acceder a ela e descargala.

❑ *Guía para Intervenientes e díptico sobre o GIPCE*

Estase traballando na súa elaboración. A Guía para intervenientes será o complemento á de afectados e afectadas e dirixida a profesionais das emerxencias. O díptico sobre o Grupo está pensado como carta de presentación para organismos e institucións coa intención de que se teña un maior coñecemento deste recurso. Esperemos que estea lista para o ano 2012.

Informacións

O Grupo de Traballo de Psicoloxía da Intervención en Emerxencias e Catástrofes do Consejo General de COP's está traballando novamente na elaboración dos criterios para a Acreditación da Especialidade en Psicoloxía de Emerxencias e Catástrofes.

GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

Xornadas de concienciación
no mes de xuño



Xornadas de concienciación

Nos meses de setembro e outubro levouse a cabo o desenvolvemento de dos grupos do programa das “Xornadas de concienciación” en formato grande nas cidades de Pontevedra e Santiago de Compostela, e en formato pequeno en Vigo e Ourense.

Os resultados seguen a confirmar a liña que viñamos sostendo no sentido de notar moi negativamente a influencia das variables: tamaño do grupo e maior número de xornadas de condena, rebaixándose máis de 10 puntos as porcentaxes de intención de cambio nos grupos grandes. A necesidade de programas de intervención individualizada foi baseada nesta comparativa e resaltada na memoria final xustificativa que se presenta anualmente na Secretaría General de Instituciones Penitenciarias do Ministerio del Interior.

No mes de novembro daranse por finalizadas as intervencións cos últimos grupos para a convocatoria do ano 2011.

Xornadas

O Grupo de Tráfico e Seguridade segue coa preparación das II Xornadas galegas de psicoloxía do tráfico e seguridade “As persoas, factor decisivo”, que se celebrarán o vindeiro 26 de



Algúns dos/as ponentes
e asistentes á I Xornada de
seguridade viaria e xuventude

novembro na Escola Galega de Administración Pública en Santiago de Compostela. En breve procederase a enviar o programa definitivo por correo electrónico a todos os colexiados e colexiadas. O prazo de inscrición segue aberto ata o 16 de novembro. Podes consultar o programa no enlace da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/pdf/Cuadriptico_II_Xornadas_Galegas_de_Psicoloxia_do_Trafico_e_Seguridade.pdf

Informacións

O Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG foi invitado a participar na I Xornada de seguridade viaria e xuventude organizada pola Asociación Xuvenil de Seguridade Viaria en Galicia (AXUSVEG) o pasado 18 de outubro en Santiago de Compostela. A ponencia foi presentada pola Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, **Eva Muíño Gómez**, baixo o título “Psicoloxía do tráfico. Importancia dos programas de intervención. Xornadas de concienciación”.

Confidencialidade

Termo que fai referencia a aquilo que se fai ou se di en confianza entre dúas ou máis persoas. Na nosa profesión, a confidencialidade é a base da relación de confianza que se establece entre profesional e cliente. A intimidade é un dereito do cliente que corresponde un deber de confidencialidade por parte do profesional. Débese, por tanto, manter a discreción, así como gardar e protexer calquera información que se obteña a través desa relación profesional, para evitar un mal uso ou acceso inxustificado á mesma. Será o propio cliente quen teña o dereito a determinar e controlar que información sobre sí mesmo é revelada, a quen e con qué motivo.

A salvagarda da información ou do historial vai máis alá do falecemento ou xubilación do/a profesional. A custodia da información confidencial no ámbito público está de sobra procedimentado, é na práctica privada e onde pode haber descoñecemento e falta de protocolos. Legalmente son as persoas herdeiras da persoa falecida os que deben custodiar esta información.

Existen catro grandes excepcións na que se podería ou debería romper o deber de segredo:

- Evitar un dano a outras persoas. O problema plantéxase cando non se dispón da autorización explícita para desvelar a información.
- Evitar un dano ao propio paciente. O problema está ante un cliente perfectamente consciente e lúcido/a.
- Por imperativo legal. O problema está en atopar o xeito de responder estritamente o necesario e relevante para a esixencia legal.
- Cando o profesional sexa inxustificadamente acusado polo cliente.

O ámbito da infancia e adolescencia cobra especial relevancia. Ao tratarse de menores é conveniente revisar as leis e recomendación existentes respecto a menores entre 16 e 17 anos, e aqueles maiores de 12 pero coa posible consideración de “menor maduro/a”.

No Código Deontolóxico do/a Psicólogo/a os artigos que fan referencia a este tema son os recollidos no capítulo V, desde o artigo 39 ao 49.

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA



CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os/as colexiados/as

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos que se relacionan nesta Circular.

A información que aparece neste apartado ten que ser remitida ao COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

CURSO "MEDIACIÓN E XESTIÓN DE CONFLITOS: PAUTAS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROCESO MEDIADOR EFICAZ"

Datas: 14 e 28 de xaneiro, 11 e 25 de febreiro e 10 de marzo de 2012. Pendente de confirmar os días.

Lugar: Santiago de Compostela

Docentes: Carlos Montes Piñeiro, Dámaso Rodríguez Fernández e Gonzalo Serrano Martínez

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Espiñeira, 10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela. Tfno.: 981 534 049

Fax: 981 534 983

E-mail: copgalicia@cop.es

Web: www.copgalicia.es

I CURSO GESTALT E MÚSICA. CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN MUSICOTERAPIA

Datas: de Xaneiro de 2012 a xuño de 2013

Lugar: Madrid

Directora: Marisa Manchado Torres

Organiza e informa: Escuela de música y baile Afinate. García Luna, 5. 28028 Madrid

Tfno.: 912 504 999

E-mail: www.afinate.es

ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA ESCUELA VASCO NAVARRA DE TERAPIA FAMILIAR

Luzarra, 18-1º. 48014 Bilbao

Tfno.: 944 757 880. Fax: 944 759 484

E-mail: evntf@avntf-evntf.com

Web: www.avntf-evntf.com

CURSO "CONCERTO A SEIS VOCES"

Data: 17 de decembro de 2011. *Lugar:* Bilbao
Ponentes: Annette Kreuz, Juan Luis Linares, Jorge de Vega, Norberto Barbagelata, Javier Bou e Roberto Pereira

SEMINARIO "ENTRE O SEGREDO E A VERGOÑA. PSICOTERAPIA DA VIOLENCIA FILIO-PARENTAL"

Datas: 20 e 21 de xaneiro de 2012

Lugar: Bilbao. *Ponente:* Roberto Pereira

SEMINARIO "O PANÓPTICO. UNHA MIRADA FAMILIAR. A INTERVENCIÓN CON FAMILIAS INMERSAS NO CICLO DE CONTROL"

Datas: 24 e 25 de febreiro de 2012

Lugar: Bilbao

Ponentes: Piedad Pozo, María Recio e Minerva Rodríguez

SEMINARIO "CAMIÑOS CARA AS SOLUCIÓNS: TERAPIA BREVE CON NENOS/AS E ADOLESCENTES DESAFIANTES E AS SÚAS FAMILIAS"

Datas: 11 e 12 de maio de 2012. *Lugar:* Bilbao

Ponente: Matthew Selekmán

Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia



D.L.: C/64-2008

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

Membro da EFPA

Federación Europea de Asociaciones
Profesionales de Psicólogos

HORARIO

De luns a xoves de 9 a 14 horas
e de 16 a 21 horas, e os venres
de 9 a 14 horas